

El Progreso

Galiciae

A veciñanza axuda a rescatar os topónimos de Ribadeo

Etiquetas: Ribadeo, vecinos, toponimia

Isabel G. F. / El Progreso (Ribadeo). O Proxecto da Toponimia de Galicia, que se iniciou no 2000 coa intención de recuperar as denominacións autóctonas e orixinarias dos distintos concellos da comunidade autónoma, presentou onte na vila ribadense o mapa cos topónimos locais, elaborado polos especialistas encargados da iniciativa, que á súa vez contaron coa axuda de 110 veciños, coñecedores da zona.

A cartografía cos nomes de lugares correspondentes ás parroquias de Ove, Vilaselán, Ribadeo, Piñeira e Rinlo exporase, ata o día 22, na oficina municipal de información ao consumidor (Omic), no parque de San Francisco, pero despois mostrarase nos barrios da contorna rural ribadense para que os propios veciños corríxana por se detectan fallos ou incorreccións antes da súa publicación definitiva. Así o advertiu onte durante a presentación a edil de cultura de Ribadeo, Mariluz Álvarez, que estivo acompañada polo director da Comisión de Toponimia da Xunta, Xermán García; o técnico do citado proxecto, Óscar Castro; e polo director da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, Severino Álvarez, para quen este traballo supón ademais «unha homenaxe ós nosos antepasados».

A Mariña é unha das zonas nas que máis traballa o citado proxecto, aínda que ata a data só se presentaron os mapas de Viveiro, Trabada e Ribadeo. Entre os topónimos máis propios desta última localidade figuran o de 'ollo', entrada do mar na costa; e o de 'ranero', prado de regadío.

O proxecto toponímico de Galicia, auspiciado pola Consellería do Medio Rural, presentouse anteriormente en Trabada e en Viveiro.

16/12/2010